
OFERTA DE EMPREGO EN EAPN GALICIA

Traballador/a social

DESCRIPCIÓN DO POSTO

En dependencia da Dirección da entidade realizará as seguintes funcións, reforzando o fomento da participación, inclusión sociolaboral, traballo en rede e formación de persoas en pobreza, exclusión social e discapacidade:

- Colaboración na dinamización dos Grupos de Traballo estables e ad hoc de EAPN Galicia.
- Coorganización das actividades previstas a nivel formativo e de sensibilización.
- Informar e formar ao persoal das entidades membro sobre normativa de interese, facilitando a xeración de propostas que melloren a actuación da administración pública e das organizacións do Terceiro Sector.
- Fomento da colaboración con institucións públicas ou privadas que axuden a acadar os fins estatutarios mediante o traballo en rede.
- Investigación e difusión de ferramentas que impliquen o fortalecemento e mellora de resultados da rede e das súas entidades membro.
- Comunicación da rede: Elaboración boletín interno e externo e contidos para difusión (web, twitter, linkedin, etc.). Xestión e mantemento de espazo compartido para facilitar o traballo das entidades na inclusión de colectivos en risco de exclusión.
- Colaborar na elaboración de memorias técnicas anuais e outros documentos de balance e rendición de contas sobre a actividade da entidade.

REQUISITOS

- Diplomatura ou Grao en Traballo Social
- Coñecemento dos recursos sociais existentes
- Coñecementos e manexo elevado de ofimática (word e excel especialmente)
- Coñecemento superior dos idiomas galego e castelán falado e escritos. Valorarase o coñecemento de inglés
- Valorarase experiencia previa de voluntariado, especialmente no eido social

COMPETENCIAS

- Alta capacidade de organización, resiliencia e resposta en prazos axustados
- Flexibilidade, empatía e capacidade de adaptación ás necesidades da base social
- Resolución de problemas, dinamismo e pro-actividade
- Orientación para o traballo en equipo, por obxectivos e resultado.
- Boas habilidades de comunicación oral e escrita
- Identificación cos valores e misión da EAPN Galicia

DATOS BÁSICOS DA CONTRATACIÓN

- Contrato temporal de 12 meses de duración, a xornada parcial (75%).
- Lugar de traballo: Santiago de Compostela

Importante: Contratación condicionada á concesión da [Subvención para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro](#).

Absterse candidatos/as que:

- (i) Non sexan unha persoa desempregada inscrita no SPEG como demandante non ocupada e que estea dispoñible para o emprego na data de selección e contratación.
- (ii) **Estiveran contratadas por un período igual ou superior a seis meses, con cargo ás axudas concedidas polas ordes da Consellería de Economía, Emprego e Industria** do 2 de maio de 2018 (DOG nº 92, do 15 de maio), do 9 de maio de 2019 (DOG nº 98, do 24 de maio), do 12 de setembro de 2019 (DOG nº 184, do 27 de setembro) e do 31 de xullo de 2020 (DOG nº 162, do 13 de agosto), no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

CONCORRENCIA

Envío ao enderezo electrónico info@eapn-galicia.com, ata o 10 de decembro de 2021 (incluído), co asunto "Selección traballo social + NOME E APELIDOS", do **currículo vital actualizado** e unha **carta de motivación, que inclúa 4 propostas xustificadas** para a mellora das políticas de loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia (máximo 2 páxinas).